

---

## Lixo en Baiona

Publicado por Redaccion - 31-08-E 01:10:32

---

O servizo do lixo en Baiona está levantando fortes críticas non so dos membros da oposición do concello se non que os turistas decátanse que a situación é precaria e repercute moi negativamente na imaxe dun concello de excelencia turística.

Fai tres anos que valminor.info advertía deste problema en Baiona e parece que a situación en contra de mellorar empeorou considerablemente nos últimos anos, sen ter noticia algunha de que vaia mellorar.

Que opina vostede?

=====

---

## Lixo en Baiona

Publicado por Petrium - 01-09-E 02:31:39

---

Son moitos os "slogans" os que acompañan o nome de Baiona nas súas campañas de promoción ou nos vistosos carteis de benvida que se atopan na rotonda de Sabarás, pero os que vivimos neste concello todo o ano, os de aquí de toda a vida, estas frases chegan a ser un insulto ou unha burla para todos e todas.

Municipio de Excelencia Turística de la Española Verde, Tesoro Atlántico, Municipio de Excelencia Turísticas de Galicia, Sistema de Calidad Turística en Destino, Pequeños Puerto Atlánticos (Itereg III),

Os motivos que fan dudar destes galardóns é ver o estado dos servizos básicos deste concello.

Baiona crece pero moito me temo que o concepto de crecemento que manexan os nosos políticos centrase no urbanístico e as súas miras non chegan a ver as necesidades latentes deste crecemento desordeado.

Cando chega a tempada estival todas estas carencias acentáanse convertendo o concello nun vergoza internacional, xa que os turistas tamén comezan a darse de conta da situación.

O lixo: dende a concellería de medioambiente fai tempo anunciou que xa estaban solicitados novos contenedores de lixo, pero vese que non saben medir as necesidades de Baiona porque seguen sendo insuficientes, e non substituíron os antigos contenedores que están rotos, vellos e suxos.

O lixo acumúlase en calquer curruncho deste municipio. Tanto as beiraras como as zonas onde se deposita o lixo. En Baiona o lixo remata sempre depositado no chan por non haber capacidade nos contenedores.

Os contenedores que actualmente ten Baiona parecen reflexar unha nova división política territorial. Por unha banda están os contenedores de Baiona, insuficientes pero grandes, con pulsador de tapa co símbolo, con contenedor selectivo de plástico e papel, e aparentemente máis novos.

Se saímos cara a Sabarás podemos ver contenedores rotos polo uso ou as prisas do persoal da basura, con máis de 10 anos, suxos porque xamais foron valdeados, algúns sen tapas para favorecer a insalubridade do lugar e o achegamento de moscas, cans, gatos, gaivotas e mesmo de ratas. Si digo ben, ratas. Os chans destes sitios son negros do lixo depositados no chan, do que cae do contenedor e de non haber sido limpados nunca.

Todo un ambiente de calidade turística.

En Sabarás non se pode facer unha reciclaxe selectiva porque non existe ningún punto de reciclaxe conxunto. O contenedor de papel está a 300 metros do de plástico, co cal ao final eu non reciclo, porque non estou disposto a pasear todos os días o meu lixo no coche fanceado paradas en cada un dos contenedores.

O fedor xa non distingue de parroquias. Cheira mal en todo o concello. Cando chegan as 2 da mañá todos os restaurantes da zona vella apilan o lixo dos banquetes á porta do local, todas elas fora do contenedor (que non existen) e comezan a bailar os láquidos do marisco, peixe e demais pingos das ceas. Pero iste fecro perdura durante todo o día onde se poder ver que o chan da rúa está totalmente negro por mor destes pingos.

Toda unha aventura infecciosa para o que queira pasear por Baiona en chanclas ou sandalias.

No caso dos supermercados paso o mesmo. Normalmente soen ser caixas que enchen os poucos contenedores da zona provocando que os veciños non podan colocar o lixo no contenedor.

Eu lembro cando en Vigo estaban de folga o servizo de limpeza de contenedores, a alcaldesa clamaba ao ceo polo grande perigo infeccioso que supuña, pero os de Baiona debemos estar feitos doutra pel, ou o noso ADN debeu mutar

despois de tantos anos de paciencia porque aquÃ- non se limparon nunca. Ã? mÃ¡is coido que non existe dito servizo.

Outro dos puntos que presentan unha imaxe lamentable Ã© o Camping de Baiona Playa. Este establecemento turÃ-stico acumula o lixo nun garaxe con portalÃ³n, supoÃ±o que para liberar aos campistas do fedor pero para asquear lamentablemente aos que visitamos Ã¡ Ladeira.

O cheiro que sale daquel portal Ã© inundo e coa calor un foco inaceptable. Cando sacan o lixo daquel portal van regando o camiÃ±o cÃ³ lÃ-rido elemento apestoso ennegrecendo toda a area e deixando o perfume para vindeiros dÃ-as.

Lixo que cae ao chan lixo que pasa a decorar tal apestoso lugar.

E digo eu -Se fan uso e proveito de tan fermoso lugar non deberÃ-an mantelo limpo?. E ao mesmo tempo uns cursiÃ±os de decencia e hixiene aos campistas para dicirle que os restos do churrasaco e da sardiÃ±ada non se tiran Ã¡ Foz nin aos camiÃ±os de acceso que bordean o Camping.

A min sinceramente caerÃ-ase a cara de vergoÃ±a ler na prensa como un organizaciÃ³n do miÃ±or, o IEM, por iniciativa propia organiza un paseo pola foz e unha limpeza altruista do seu entorno. Sen mais apoio que a vontade dos excursionistas.

Os veciÃ±os estamos mÃ¡is que fartos de oir que non hai cartos e logo ler os orzamentos en turismo, en soldos etc... ou escoitar que teÃ±en que subir os impostos porque non chegan.

Por que os que vivimos en Baiona temos que pagar un servizo precario e mal xestionado como o lixo?

Acaso temos menos dereitos que os que viven en NigrÃ³n?

Pagamos menos por este servizo?

Onde estÃ¡ a excelencia turÃ-stica deste concello?

Realmente eses tÃ-tulos son gaÃ±ados con mÃ©ritos palpabeis?

Os entes que otorgan eses tÃ-tulos coÃ±ecen esta situaciÃ³n?

SeÃ±ores pÃ³liticos a excelencia turistica dun concello mÃ-dese precisamente nos servizos e en Baiona son precarios e insuficientes.

---

## Lixo en Baiona

Publicado por Juan - 07-09-E 13:08:15

Pois non vos preocupedes que agora la Corina Porro vaivos poÃ±er unha megadepuradora de tÃ³dolos residuos da marxe sur da rÃ-a de Vigo e asÃ- por fin conseguirÃ¡ Baiona parecerse a Pontevedra con ese fedor caracterÃ-stico Ã³ aproximarse. No inverno, os ventos predominantes do suroeste e o fedor asegurado en todo o Val MiÃ±or anunciarÃ³n choivas, e no verÃ³n os ventos predominantes do norte e fedor en Oia anunciarÃ³n tempo soleado....

Joder se non hai ben que por mal non veÃ±a..... e vos veÃ±a criticar.....

---

## Lixo en Baiona

Publicado por Juan - 09-09-E 04:47:58

Non quero parecer ruÃ-n pero tampouco deixar de dicir que cando detivemos a tramitaciÃ³n do PXOM en NigrÃ³n, no que resultou roto o concello, o Concello de Baiona condenounos por violentos. O que agora estÃ¡ a sufrir o Concello de Baiona non Ã© mÃ¡is que outro episodio deste xeito de facer PXOMs de maneira irresponsable, neste caso por parte de la Corina Porro. O que sucede Ã© que agora por non ter contemplado este aspecto importante dentro do PXOM de Vigo, queren encasquetarlle o problema a Baiona e mandarlle toda a merda que non queren e que por extensiÃ³n vai afectar a todo o Val MiÃ±or.

O que agora tiÃ±an que facer os do Concello de Baiona Ã© CONDENAR a irresponsabilidade dun goberno que fixo un PXOM para atender as necesidades dos do ladrillo e que segundo un exame de legalidade do Plan Xeral de OrdenaciÃ³n Municipal de Vigo presentado por Alternativa VeciÃ±al incumple a lei en alo menos 43 puntos.

Claro que como nos pasou Ã³s veciÃ±os de NigrÃ³n, Ã³s de Baiona e Ã³s de Vigo temos o que merecemos.

Un saÃ±do.

---

## O xogo das diferenzas

Publicado por Baionaconsciente - 31-10-E 12:01:17

---

Publicado na sección de Opinión de Valminor.info  
Enviado por baionaconsciente.blogaliza.com

¿Xogamos? A ver se atopamos a sustancial diferenza entre a primeira imaxe, en branco e negro, tomada en Redondela (Faro de Vigo) e a segunda, a cor, tomada en Baiona.

[http://www.valminor.info/images/stories/Baiona/basura\\_redondela\\_WinCE.jpg?ok=ok](http://www.valminor.info/images/stories/Baiona/basura_redondela_WinCE.jpg?ok=ok)

[http://farm2.static.flickr.com/1405/1435261760\\_a06fa5a5a9.jpg?v=0](http://farm2.static.flickr.com/1405/1435261760_a06fa5a5a9.jpg?v=0)

O sustancialmente diferente é que en Redondela levan tres días de folga e en Baiona o servizo municipal non o está.

Para moitos unha vergoña, para outros, entre eles membros da corporación municipal, a culpa é dos veciños de Baiona, que tiran todo por fora.

Non podemos negar que algo de culpa temos todos ao non cumprir cos horarios para depositar o lixo, pero como ven se pode ver nesta foto en Sabarís, non só é ese o problema:

1º.- Moita xente descoñece a ubicación do punto limpo e a súa función.

2º.- A maioría da xente carece de medios para levar colchóns, mobles e outros refugallos de grandes dimensións ata o punto limpo de Baiña.

3º.- A unha inmensa maioría de xente non lle apetece ir ata o punto limpo cargado ata arriba, cando pode tiralo ao pé da casa do veciño.

4º.- Non existe un estudo de volume de lixo por zonas, ou non se está a aplicar, senón non se entende o escaso número de contenedores nalgúns zonas e o exceso noutras.

O problema do lixo non é só cuestión dun servizo municipal deficiente, tamén implica posibles riscos sanitarios. Con isto non se pode xogar, sobre todo cando se trata do único servizo de recollida non privatizado no Val Miñor.

=====

## Re: O xogo das diferenzas

Publicado por Pinto - 31-10-E 12:11:27

---

Non é todo culpa dos veciños que por exemplo os contenedores teñan as tapas rotas e alimenten a gaterío e as ratas da contorna.

Tampouco é culpa dos veciños que xamais se valdearan e que estén cheiños de roña incrustada.

Tampouco é culpa dos veciños que sexa pequenos e insuficientes.

Tampouco é culpa dos veciños que o servizo de recollida deixe sempre os contenedores coa tapa aberta (os que o teñen).

Tampouco é culpa dos veciños, que non existas puntos verde con todos os seus contenedores para poder reciclar (o que ten papel, non ten plásticos, o que ten plásticos non ten orgánicos).

Tampouco é culpa dos veciños que non se limpen as contornas onde están ubicados os contenedores, onde papeis e pingos enxurrentos manchan toda a acera e fan proliferar todo tipo de moscas e mosquitos.

Pero sí e culpa dos veciños estar calados e pagar un imposto ante un servizo tan pésimo.

A min gustaríame saber que opinan por exemplo a Asociacións de Veciños Castro Ladeira de Sabarís. Porque cando foi do tema da depuradora que quería clavarnos Corina Porro, rápidamente se puxeron detrás da pancarta e pegaron papeis en todas as farolas. Pero xamais escoitei piar a ninguén por este tema.

=====

## Estoupido de lixo baionés

Publicado por baionaconsciente - 19-11-E 15:48:41

---

Ao final estoupou o conflito do lixo en Baiona. Afortunadamente xa estamos acostumbrados a ver os contenedores cheos de merda, polo que non acusaremos moito a diferenza. É o que ten deixar en mans de Manolo Vilar a concellería

---

de Medio Ambiente. Máis en baionaconsciente

=====

## Re: Estoupido de lixo baionés

Publicado por Pinto - 19-11-E 22:07:05

---

Sorprende que tiveran que ser os traballadores os que levarán a lebre. Eu non sei como a xente non tiña montado un cristo na porta do concello. Sinceramente non o entendo.

=====